

# X CTO. DE ESPAÑA LARGA DISTANCIA PISCINA (FASE TERRITORIAL)

## VIII CTO. GALEGO LONGA DISTANCIA PISCINA

Tempada 2011 - 2012. Circular 11-11.

### 1.- ORGANIZACIÓN, DATA E SEDE.

1.1.- A Fase Territorial do X Campeonato de España de Larga Distancia en Piscina, VIII Campionato Galego de Longa Distancia en Piscina, celebraranse na data e sede establecida no calendario de natación para a presente tempada (circular 11-09).

1.2.- As probas celebraranse nunha soa sesión que dará comezo ás 17:00 horas.

1.3.- A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes polo menos unha hora e media antes do inicio da sesión. Os nadadores teñen dereito a realizar o quecemento até 10 minutos antes de que comece a sesión.

### 2.- PROGRAMA DE PROBAS.

1.- 2.000 m. LIBRE MASCULINO INFANTIL.

2.- 2.000 m. LIBRE FEMININO INFANTIL.

3.- 3.000 m. LIBRE MASCULINO SENIOR-JUNIOR.

4.- 3.000 m. LIBRE FEMININO SENIOR-JUNIOR.

### 3.- PARTICIPACIÓN.

3.1.- A presente normativa está destinada ás seguintes categorías:

Masculina: sénior (1992 e anteriores), júnior (1993-1994-1995) e infantil (1996-1997).

Feminina: sénior (1993 e anteriores), júnior (1994-1995-1996) e infantil (1997-1998).

3.2.- Poderán participar os nadadores que acrediten ter realizadas as marcas mínimas asignadas a cada unha das categorías coa limitación indicada no punto 3.3.

3.3.- Limitase a participación a unha serie con dous nadadores por pista (12/16/20 nadadores) por categoría.

### 4.- INSCRICIÓN.

4.1.- Remítanse por correo electrónico á FEGAN (inscricions@fegan.org), indicando nome e apelidos dos nadadores, ano de nacemento, número de licenza e marca acreditada, así como nome e código do clube.

4.2.- As inscricións deberán acharse en poder da FEGAN 10 días antes do comezo da competición, cadrando este día a mércores e sendo responsabilidade do Clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.3.- A FEGAN estará en disposición de dar a coñecer aos clubes, a través da súa páxina web, as relacións de inscricións 24 horas despois de que remate o prazo.

4.4.- A partir da publicación das relacións de inscrición, os clubes deberán informar das baixas á FEGAN, co obxecto de cubrilas e proceder á correcta elaboración das series. Os prazos indicaranse oportunamente.

4.5.- Unha vez confeccionadas as series, os nadadores preinscritos que non entrasen nelas, se os houberse, adquirirán a condición de reservas e poderán cubrir as posibles baixas en piscina mantendo a orde da preinscrición.

4.6.- O reparto de gastos entre os clubs participantes (circular 11-07 ) farase en función dos nadadores inscritos e reservas que cheguen a participar.

## 5.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN.

5.1.- As probas disputaranse polo sistema contra o reloxo, con dous nadadores por pista, independentemente da categoría (sénior-júnior).

5.2.- Para os efectos de puntuación só se terán en conta como máximo dous nadadores por clube en cada proba e categoría, con independencia dos que participasen.

5.3.- A puntuación será 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1 para cada categoría. No suposto do clube que teña clasificados máis de dous nadadores na mesma proba só puntuarán os dous primeiros. Os clasificados despois non serán puntuados, corréndose a súa puntuación ao seguinte na clasificación que non sexa dese mesmo club.

## 6.- CLASIFICACIÓNS E RESULTADOS

6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina.

b) Total feminina.

c) Total conxunta. Será preciso ter competido en ámbalas categorías (masculina e feminina), aínda cando non se obtivese puntuado nunha delas. O clube que obteña maior puntuación será proclamado Campión Galego.

## 7.- TÍTULOS E PREMIOS

7.1.- Medallas aos tres primeiros clasificados en cada unha das categorías.

7.2.- Trofeo ao clube clasificado en primeiro lugar na categoría conxunta como Campión Galego do Campionato de Longa Distancia.

## 8.- MARCAS MÍNIMAS

8.1.- Establécense as seguintes marcas mínimas de participación:

Categoría masculina 17;25.00 para a categoría absoluta, 18;26.00 para a júnior e 18:56.00 para a infantil (1500 libres).

Categoría feminina 9:49.00 para a categoría absoluta, 10:18.50 para a júnior e 10:50.60 para a infantil (800 libres).

8.2.- A data a partir da cal se consideran válidas as marcas mínimas obtidas é o 30 de outubro de 2010.

8.3.- As marcas refírense a piscina de 25 metros e cronometraxe electrónico.

A Coruña, 8 de Xullo de 2011

Secretaría Xeral FEGAN